



CIRCULAR 73-2022.

CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA SUB 20 E CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE PROBAS COMBINADAS SUB 20.

- A todas as delegacións da F.G.A.
- A todos/as os/as asembleístas
- A todos os clubs galegos con licenza vixente
- A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente
- A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo organiza o Campionato Xunta de Galicia Sub 20 o vindeiro 3 de xullo e o Campionato Xunta de Galicia de Probas Combinadas Sub 20 os vindeiros días 2 e 3 de xullo de 2022, nas pistas de atletismo da Universidade de Elviña no Concello da Coruña.

Art.2).- Poderán participar todos os/as atletas que o desexen e teñan licenza pola FGA na tempada 2022.

Art.3).- As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) ata as 20:00 horas do luns 27 de xuño do 2022.

No caso de haber prazas libres no Sub 20 poderanse aceptar atletas doutras categorías no programa de Sub 20 ou similares fora de concurso, cumprindo as condicións de participarán e os criterios do control, co pagamento da cota de inscrición establecido de 4 euros por atleta.

Art.4).- Entregaranse medallas ós/ás tres primeiros/as atletas de cada categoría sendo obrigatorio acudir ao protocolo de premios ao podio. No caso contrario, non se entregará a medalla.

Art.5).- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal de forma totalmente visible, por diante, agás nos saltos que poden levar por diante ou por detrás, en toda a súa superficie. O incumprimento desta norma será motivo de descualificación. Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal. Na marcha levarán dous, un diante e outro detrás.

Art.6).- Nos lanzamentos e saltos horizontais haberá mellora.

Art.7).- Todos/as os/as atletas deberán pasar por cámara de chamadas. Os/as atletas sairán á zona de saída coa roupa de competición posta.

Art.8).- Durante o transcurso do Campionato, un/a atleta pode ser excluído/a de participar nunha ou varias probas no caso de que se clasificase nas eliminatorias (no suposto de habelas) e non participase na rolda seguinte ou ben que confirmase a súa inscrición e non participe. Agás casos autorizados directamente polo Comité Técnico.

Art.9).- A participación nas probas combinadas estará limitada a 5 atletas de cada categoría e sexo

Art.10).- Valerán marcas feitas dende o 1 de xaneiro de 2021

Art.11).- Altura dos listóns: (publicarase en función das marcas dos inscritos)



Art.12).- Horario provisional

HORARIO PROVISIONAL CTO. XUNTA DE GALICIA S20 XORNADA DA TARDE SÁBADO 02/07/2022		
HORA	HEPTA	DEC
16:45	100 mv	
17:00		100 ml
17:30	Altura	
17:40		Lonx
18:30		Peso
19:10	Peso	Altura
20:10	200	400

HORARIO PROVISIONAL CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA S20 XORNADA DA MAÑÁ 03/07/2022							
HORA	CARREIRAS	ALTURA	LONX.	LANZ. LONGOS	PESO	HEPTATLON	DECAT
10:30		Mulleres		Xavelina Homes		Lonxitude	110 mv
10:40	5000 Marcha H-M						
11:15	3000 Homes						
11:30	3000 Mulleres		Mulleres				Disco Homes
11:40							
11:45	400 mv Homes						
12:00	400 mv Mulleres					Xavelina	
12:10	100 ml Homes Sem						
12:20		Homes					
12:30	100 ml Mulleres Sem						
12:40				Xavelina Mulleres			
12:45	3000 Obs Homes		Homes		Mulleres		Pértegas20
12:58	3000 Obs Mulleres						
13:13	1500 Homes						
13:27	1500 Mulleres						
13:30						800	
13:40	100 ml Homes Final			Disco Homes			
13:50	100 ml Mulleres Final						



**Federación
Galega de
Atletismo**



CIRCULAR

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com



HORARIO PROVISIONAL CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA S20 XORNADA DE TARDE 03/07/2022						
HORA	CARREIRAS	PÉRTEGA	PESO	TRIPLO	LANZA. LONGOS	DECAT
16:30	110 mv Homes Sem	H-M		Mulleres		Xavelina
16:50	100 mv Mulleres Sem					
17:10	200 Homes Sem				Disco Mulleres	
17:30	200 Mulleres Sem					
17:50	800 Homes Finais					
18:10	800 Mulleres Finais			Homes		
18:20					Martelo Mulleres	
18:30	400 Homes Finais					
18:40			Homes			
18:50	400 Mulleres Finais					
19:00						1500
19:10	110 mv Homes Final					
19:20	100 mv Mulleres Final				Martelo Homes	
19:30	200 Homes Final					
19:40	200 Mulleres Final					
19:50	4x100 Homes					
20:00	4x100 Mulleres					

SAÍDA A PISTA TRAS A PRESENTACIÓN EN CÁMARA DE CHAMADAS

Carreiras: 7 min antes da hora oficial da proba

Concursos agás pértega 20 min antes da hora oficial da proba

Pértega 30 min antes da hora oficial

Entrada en Cámara de chamadas: ata cinco minutos antes da saída oficial a pista.

Os/as atletas terán a obriga de saír á zona de competición coa camiseta posta. Non poderán saír coa camiseta na man ou gardada. Poderá permitirse a entrada á pista de atletas posteriormente sempre e cando non iniciase a proba, sen que en ningún caso, supoña retraso do inicio da mesma.

Art.13).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Nas 24 horas previas e no propio campionato calquera baixa ou a non participación final no Campionato terá unha sanción de 5 euros por proba, salvo causa xustificada e comunicada previamente por escrito á FGA direcciontecnica@atletismo.gal
- Os posibles cargos derivados do incumprimento na comunicación das posibles baixas, seguirán as consideracións establecidas na normativa técnica da FGA para a tempada 2022.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6 euros por atleta con datos falsos).
- Se non realiza a inscrición no prazo estipulado, deberá aboar 3 euros de recargo.
- A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do director técnico, en función das características da proba onde se desexe inscribir o/a atleta, podendo ser esta denegada.



CIRCULAR

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

Art.14).- O aforo estará regulado conforme ás limitacións establecidas no momento da competición, seguindo sempre a normativa sanitaria e a normativa da instalación

Art.15).- Todos/as os/as participantes deberán cumprir o protocolo COVID-19 establecido pola FGA, así coma as indicacións do Responsable COVID-19 da FGA.

Art.16).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e W.A.

A Coruña, 22 de xuño de 2022

Carlos Castro Vicente
Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo